

ÁREA:
LINGUA ESTRANXEIRA, INGLÉS

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN 6º EP

ESTÁNDARES	MÍNIMOS ESIXIBLES
BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS	
<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.1. Comprende o esencial de anuncios publicitarios sobre produtos que lle interesan (xogos, ordenadores, CD etc.). 	Comprende a idea xeral na publicidade do seu interese.
<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.2. Comprende mensaxes e anuncios públicos que conteñan instrucións, indicacións ou outro tipo de información (por exemplo, números, prezos, horarios, nunha estación ou nuns grandes almacéns). 	Comprende instrucións, indicacións e información relativa a produtos do seu interese na publicidade.
<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.3. Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos). 	Comprende instrucións, indicacións, peticións e avisos sinxelos habituais.
<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.4. Identifica o tema dunha conversa cotiá predicible que ten lugar na súa presenza (por exemplo, nunha tenda, nun tren). 	Identifica o sentido xeral dunha conversa cotiá.
<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.5. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mes mo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar. 	Entende a información básica dunha conversa sinxela sobre temas próximos a súa contorna.
<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.6. Comprende as ideas principais de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese (por exemplo, música, deporte etc.), a condición de que conte con imaxes e ilustracións e se fale de maneira lenta e clara. 	Comprende as ideas principais en presentacións sinxelas sobre temas próximos con apoio visual.
<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.7. Comprende o sentido xeral e o esencial e distingue os cambios de tema de programas de televisión ou doutro material audiovisual e multimedia dentro da súa área de interese (p. e. nos que se entrevista a mozos e mozas ou personaxes coñecidos ou coñecidas sobre temas cotiás (por exemplo, o que lles gusta facer no seu tempo libre) ou nos que se informa sobre actividades de lecer (teatro, cinema, eventos deportivos etc.). 	Comprende a idea xeral e os temas tratados en materiais audiovisuais próximos os seus intereses persoais e de lecer.
BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN	
<ul style="list-style-type: none"> PLEB2.1. Fai presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiás ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo, a súa familia e a súa clase; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de maneira sinxela a súa habitación, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa, ou un obxecto; presentar un tema que lle interese (o seu grupo de música preferido); dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión) usando estruturas sinxelas e cunha pronuncia e entoación comprensible. 	Realiza adecuadamente presentacións sinxelas sobre sí mesmo e a súa familia, intereses persoais, actividades diarias...e descricións de lugares e persoas; así como exposición sobre gustos e opinións.
BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	
<ul style="list-style-type: none"> PLEB3.1. Comprende instrucións, indicacións, e información básica en notas, letreiros e carteis en rúas, tendas, medios de transporte, cinemas, museos, colexios, e outros servizos e lugares públicos. 	Comprende notas con instrucións, advertencias ou información diversa que se poden atopar en lugares públicos habituais.
<ul style="list-style-type: none"> PLEB3.2. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, guías telefónicas, publicidade, folletos turísticos, programas culturais ou de eventos etc. 	Localiza e comprende información específica en material informativo habitual como menús, horarios, publicidades, guías ou programas culturais.
<ul style="list-style-type: none"> PLEB3.3. Comprende correspondencia (SMS, correos electrónicos, postais e tarxetas) breve e sinxela que trate sobre temas familiares como, por exemplo, un mes mo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar, a indicación da hora e o lugar dunha cita etc. 	Comprende correspondencia sinxela a través de diversos soportes sobre temas familiares ou próximos á vida cotiá.
<ul style="list-style-type: none"> PLEB3.4. Comprende o esencial e os puntos principais de noticias breves e artigos de revistas para mozas e mozos que traten temas que lle sexan familiares ou sexan do seu interese (deportes, grupos musicais, xogos de ordenador). 	Comprende a información esencial de noticias ou artigos periodísticos sinxelos sobre información próxima.
<ul style="list-style-type: none"> PLEB3.5. Comprende o esencial de historias breves e ben estruturadas e identifica os e as personaxes principais, a condición de que a imaxe e a acción conduzan gran parte do argumento (lecturas adaptadas, cómics etc.). 	Identifica e comprende as ideas principais en historias, as personaxes que aparecen nelas e as súas particularidades.
<ul style="list-style-type: none"> PLEB3.6. Emprega de forma axeitada os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así como símbolos de uso frecuente (p. e. ☺, @, £). 	Emprega adecuadamente signos ortográficos e de uso frecuente.
BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN	
<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.1. Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (por exemplo, para rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico etc.). 	Completa formularios de información persoal para o seu rexistro en plataformas diversas.
<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.2. Escribe correspondencia persoal breve e simple (mensaxes, notas, postais, correos, chats ou SMS) na que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, dá instrucións, ou fala de si mesmo/a e da súa contorna inmediata (familia, amigos e amigas, afeccións, actividades cotiás, obxectos e lugares) e fai preguntas relativas a estes temas. 	Redacta correspondencia persoal a través de diversos soportes, dando resposta a preguntas previas ou realizando a súa vez preguntas de diverso tipo.
BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL	
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.1. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mes mo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou dun lugar. 	Comprende información básica cando participa en conversas sobre temas próximos.
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.2. Desenvólvese en transaccións cotiás (p. e. pedir nunha tenda un produto e preguntar o prezo). 	Participa adecuadamente en interaccións da vida diaria.
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.3. Participa en conversas cara a cara ou por medios técnicos (teléfono, Skype) nas que se establece contacto social (dar as grazas, saudar, despedirse, dirixirse a alguén, pedir desculpas, presentarse, interesarse polo estado de alguén, felicitar a alguén), se intercambia 	Participa en conversas presenciais ou sj a través de medios técnicos empregando o vocabulario e estruturas necesarias para o intercambio de información variada.

información persoal e sobre asuntos cotiás, se expresan sentimentos, se ofrece algo a alguén, se pide prestado algo, queda con amigos e amigas ou se dan instrucións (p. e. como se chega a un sitio con axuda dun plano).	
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.4. Participa nunha entrevista, p. e. médica nomeando partes do corpo para indicar o que lle doe. 	Desenvólvese nunha entrevista médica utilizando vocabulario axeitado para os seu nivel
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.5. Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas. 	Identifica e compara aspectos esenciais da cultura estranxeira coa propia e as expresa a través de manifestacións artísticas.